

ser lingua non é fácil

Inglaterra



Inglaterra, 1066

Após venceren na batalla de Hastings, os normandos invadem a illa provocando o desaparecemento da aristocracia anglo-saxónica. Todos os postos de goberno e toda a nobreza política, económica, relixiosa e cultural serán de orixe francesa durante 300 anos.

Por este motivo, o francés vaise tornar imprescindible para a promoción social residindo o inglés nas bocas do campesinado.

O nobre Robert de Gloucester describe a situación nunha crónica de 1298: **"If someone doesn't speak French, he is not taken into consideration... I think that there is no country in the world that is not attached to its own language, with the exception of Britain"**

"Se alguén non sabe francés non é tomado en consideración ... Eu creo que non existe ningún país no mundo que non adhira á propia lingua, a excepción do de Inglaterra"

A situación diglósica favorece a entrada de numerosas palabras francesas no inglés moitas veces substituindo outras anglo-saxónicas ou provocando a súa especialización.

Inglaterra, s. XIV-XV

A Guerra dos cen anos (1337-1453) nace como un conflito dinástico polo trono francés entre o rei inglés Eduardo III e Filipe, conde de Valois.

A longa duración da guerra irá creando un sentimento nacional antagónico entre ingleses e franceses.

O seu correlato lingüístico é o rechazo que a nobreza inglesa comeza a profesar ao francés, a final, a lingua dos outros, do inimigo.

**1349 – a Universidade de Oxford começa a usar o inglés nas súas aulas.
1361- o Parlamento declara o inglés como lingua xurídica do país.**

No entanto, aínda haberá que esperar até Henry IV (1399-1413) para encontrar o primeiro rei da Inglaterra que teña o inglés como lingua materna.